

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS COMEDOR ESCOLAR

CURSO 2023-2024

Recibida a **Instrución 2/2023** da *Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024, informámoslos das novidades que no referente ao comedor escolar hai que ter en conta:

I. Custo diario do servizo de comedor escolar. Poden darse catro variantes:

1. Alumnxs que teñen servizo gratuíto (non pagan nada):

- Os pertencentes a unidades familiares en situación de exclusión social (certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes).
- Os que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os que teñen un grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero, acreditada documentalmente.
- Os pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

2. Alumnxs que teñen que pagar 1 € diario polo servizo:

- Os de unidades familiares que teñen un ou dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan unha renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000 €.
- Os de unidades familiares que teñen tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan unha renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

3. Alumnxs que teñen que pagar 2,50 € diarios polo servizo:

- Os de unidades familiares que teñen un ou dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan unha renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 €

4. Alumnxs que teñen que pagar 4,50 € diarios polo servizo:

- Os de unidades familiares que teñen un ou dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil e teñan unha renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

II. Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita:

En base ao disposto no **artigo 16 do Decreto 132/2013**, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas. De xeito resumido é o que deseguido se especifica:

- a) Se existe matrimonio: cónxuxes non separados legalmente + fillos menores de 18 anos que non vivan independentes dos pais + fillos maiores de 18 anos incapacitados xudicialmente.
- b) Se non existe matrimonio ou este está separado: nai ou pai + fillos (segundo o punto anterior).

O cálculo da renda per cápita familiar é a correspondente ao exercicio fiscal de 2022.

III. Con esta información achégase o modelo de autodeclaración de prezos públicos coas súas especificacións.

Este modelo de declaración será entregado no centro escolar, nas primeiras semanas de setembro.

IV. Pagamento por utilización do servizo de comedor:

O importe a pagar cada mes (no de días que comeu no centro o alumno/-a multiplicados pola cantidade que deba aboar cada día) satisfarase entre os días 1 e 20 do mes seguinte ao que se utilizou o servizo de comedor.